

Marx tiña razón, antes e despois da crise: Este sistema non funciona, non porque a súa produtividade se constipe en momentos determinados, senón porque non é nin quere ser humano, porque está preocupado polas mercadorías e pola maximización de beneficios, que nin sinten, nin padecen; o capitalismo non só destróza economías, senón que golpea as nosas vidas e consume o planeta. A crise financeira -que chega xunto coa crise alimentar e a enerxética, e aínda a ambiental- segue a agudizarse, como era de prever, para transformarse nunha crise social, como saldo inevitável, como corolario seguro, de décadas de neoliberalismo.

Son as leis do mercado as que requiriron "rescates" multimillonarios para os bancos, para os que si existían os fondos que antes se negaban para alimentar o planeta, curar ou educar as persoas ou protexer e garantir bens comúns como a auga: os que causaron a crise non son rescatados, secuestran fondos públicos para seguir a especular, ou mesmo aproveitan para prescindir das traballadores e traballadores, sobre cuxas costas construíron as súas fortunas.

>>

**este sistema  
non funciona!**



folla  
axitativa  
de isca!

>>

As políticas imperantes, aínda edulcoradas, son evidentes: cobrarnos a crise aos de abaixo, cos que nunca compartiron beneficios en tempos de bonanza, impor medidas autoritarias -nas que a represión contra os migrantes ocupa un papel salientábel en Europa- e quizais refundar o capitalismo para facer boa unha nova transición na que mude todo para que non cambie nada.

As respostas están por escribir, con propostas esperanzadoras xa no espazo público, nomeadamente as demandas sindicais de implantación dunha banca pública galega, contra-reforma fiscal a favor da clase traballadora, soberanía alimentar, salario social e estabilidade laboral, como ferramentas para inverter a deriva neoliberal e comezar a construción dun futuro promisorio no que non podemos ser convidados de pedra: porque tamén nós, as traballadoras e os traballadores galegas e galegos, temos hoxe a razón.

Desde Isca! achegaremos tamén a nosa modesta contribución á extensión da loita anticapitalista, conscientes de que non é o momento de aceptar ou negociar un "novo" capitalismo nin de amparar os bancos e construtoras inmobiliarias para volver á imposíbel normalidade capitalista. É o momento de avanzar por medio da construción de poder popular no camiño da independencia e do socialismo que garanta a igualdade en dereitos e dignidade das persoas e dos pobos e recoñeza os límites dos recursos do planeta. Nesa loita centramos os nosos esforzos.

no capitalismo  
non temos futuro

as mozas  
os mozos

imos • construír o

**socialismo!**

rebatel

www.iscagz.org  
iscagz@gmail.com

